

**INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2016****Expediente nº: 102537/140**

En execución das directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda relativas a formación do estado de gastos, ingresos, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2016, elabórase os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento.

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para dar cumprimento a remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2016.

Con data 31/07/2015, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, abriu a plataforma para a remisión da información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2016, permanecendo en estado de incorporación de información ata as 24,00 horas do día 14/09/2015.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEoSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Contido da información a subministrar

As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

- a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- e) Modificacións significativas nos criterios de presupostación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6.

No caso de producirse tales diferencias, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.

- g) O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- h) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.

Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.

O Orzamento baséase no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

Equilibrio Orzamentario: Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.

Estabilidade Orzamentaria: A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Sustentabilidade Financeira: Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Planificación económica: As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e presupostación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A Planificación orzamentaria basearase nun escenario macro-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2016-2018 e asinado o 13/03/2015.

Perímetro de consolidación

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal.
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local. En este sentido no Inventario de Entes do Sector Público, o Concello de Vigo ten como entes dependentes os Organismo Autónomos seguintes:

- Instituto Municipal dos Deportes (IMD).
- Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).
- Escola de Artes e Oficios (EMAO).
- Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO)

Así mesmo, o Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partir da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das aportacións.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

Ainda que a esta data non está adopatado o acordo polo Pleno da Corporación, pola dirección política se ten previsto que ao remate do ano se proceda a extinción dos OO.AA seguintes: Instituto Municipal dos Deportes (IMD), Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), Escola de Artes e Oficios (EMAO). En consecuencia co anterior, o perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Obxectivos de cumprimento da regra do gasto, estabilidade e endebedamento, trienio 2016-2018

Na reunión do Consello de Ministros celebrada o día 10 de xullo de 2015, e conforme ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018 e o límite de gasto non financeiro do SPL para o período 2016-2018, é o seguinte:

| OBXECTIVO | ANOS | | |
|--|---------|---------|---------|
| | 2016 | 2017 | 2018 |
| Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) EELL | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais | 3,40% | 3,20% | 3,10% |
| Débeda Pública para o Conxunto das CCAA | 22,50% | 21,80% | 20,90% |
| Débeda Pública para AC | 72,60% | 71,50% | 69,20% |
| Débeda pública total | 95,50% | 96,50% | 93,20% |
| Débeda Pública avaliada de xeito individual EE.LL. (endebedamento) | 110/75% | 110/75% | 110/75% |
| Taxa de referencia de variación do PIB (para o cálculo do gasto non financeiro TRCPIB) | 1,80% | 2,20% | 2,60% |

Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada, pátrese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2014, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 29/01/2015, da que se deu conta ao Pleno na Sesión do 23/02/2015, que xa foi enviada ao Minhap, e do Orzamento para o ano 2015 (prorrogado do ano 2014, por Resolución da Alcaldía de 22/12/2014), sendo polo tanto as bases de cálculo citadas un instrumento obxectivo, sempre dentro da variación da TRCPIB para o ano 2016.

Coa excepción tendencial do gasto e dos ingresos, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin supresión de organizacións ou organismos, nin reaxuste de servizos, polo tanto, coas excepcións que se comentarán, non van ter repercusión nos marcos orzamentarios para o período referenciado.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, e coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, polo tanto, o impacto real da Lei 27/2013, vai quedar moi amortecido pola Lei Galega, polo que, se fose o caso, os axustes incorporaríanse nas liñas fundamentais do orzamento do ano 2016.

Competencia para a aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2016

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, aínda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobarlos, aínda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora vai ser sometido á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2016.

Supresión de Organismos Autónomos

Aínda que está pendente de adoptar o acordo polo órgano competente, está dentro das previsións políticas a supresión de tres Organismos Autónomos

Administrativos:

Instituto Municipal dos Deportes.

Escola Municipal de Artes e Oficios.

Parque das Ciencias Vigo Zoo.

Tendo en conta a análise feita sobre a estrutura de custes, chégase a conclusión que neste primeiro ano (2016), non vai a haber aforro de custes pola reestruturación administrativa, aínda que no futuro si terá que ter o impacto previsto, que será gradual. Os aforros virán determinados pola centralización dos servizos administrativos xerais: Contratación, xestión do personal, liquidacións dos prezos públicos, contabilidade, etc. Non están previstos aforros de funcionamento propio do servizo que prestan en cada caso.

Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias

En relación co estado de Gastos

Non hai modificacións significativas nos criterios de presupostación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.

Non hai variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo, sendo as contías previstas nas liñas fundamentais moi semellantes ao remitido no marco orzamentario de medio prazo en cumprimento do artigo 6 da Orde MAP/2105/2012.

Segundo Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2016 tomaranse segundo as dotacións iniciais, mentres que as do ano 2015, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a recoñecer. É dicir, para o ano 2015, segundo o formulario F.2.1.2, debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2016 son as dotacións iniciais.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2015-2016, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2014.

As variación que se conteñen na formación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2016, teñen base nas directrices do Sr. Concelleiro Delegado.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nos custes da débeda, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, amortización ordinaria da débeda viva, etc. As previsións de liquidación do orzamento do ano 2015, ten a súa orixe nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos cinco anos.

Os Gastos do capítulo I teñen un crecemento do 1%. Esta previsión de crecemento non está fundamentada nun crecemento da plantilla, senón nunha previsión de actualización dos salarios mediante a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para ese período aprobada polo Consello de Ministros de data 31/07/2015.

En relación coa execución da Taxa de Reposición de Efectivos, estarase ao previsto na Lei de Orzamentos do Estado, aínda que a execución da mesma non suporá un aumento de dotacións orzamentarias, xa que se fará con cargo a postos vacantes que cumpren a condición da TRE. O proxecto de Lei prevé unha taxa do 100%, entre outros para corpos e forzas de seguridade o Estado que afecta tamén a Policía Local, manténdose esa taxa para o corpo de extinción de incendios, e para o resto, a TRE será do 50%.

En relación coa posibilidade de facerlle fronte ao 50% da paga extraordinaria suspendida de decembro do ano 2012, non se orzamenta inicialmente, e farase a súa tramitación con cargo a vacantes segundo as dispoñibilidades orzamentarias.

O capítulo II, no ano 2016, ten unha variación pouco significativa en relación co gasto previsto do ano 2015, aínda que a variación en relación coa prórroga do ano 2014 é dun 1,98%: a causa é a de incorporar as variación dos índices de revisións e as súas preceptivas actualizacións dos contratos en termos da fórmula polinómica que lle afecte, aínda que os contratos que saíron a licitación, tiveron baixas importantes, polo que, hai servizos que aumentaron o custe pola revisión prevista na Lei do Contrato, e outros novos nos que o prezo da prestación diminuíu, sendo a variación neta en termos comparativos do 1,98% entre o orzamento previsto para o ano 2016 e a prórroga vixente.

Como servizos novos, entre outros, están: Os de promoción turística en destino de liñas aéreas. Os custes de alugueiro da implantación e ampliación dos grados da UNED e alugueiro para un novo contedor cultural. As indemnizacións previstas pola modificación do contrato de aparcadoiros. Posta en funcionamento de dúas novas escolas infantís, aumento de dotación do programa de inmersión lingüística. Como baixa significativa, o contrato de prestación de servizos de mantemento de parques e xardís.

A porcentaxe de crecemento é do 1,98 %, dentro do previsto nas directrices

Tendo en conta as limitacións da regra de gasto e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, os servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, será sempre coa premisa de diminuír outro gasto como fonte compensatoria de financiamento (pay-go).

Capítulo III, ten un carácter residual, o custe financeiro será inferior co 0,083% do gasto non financeiro, tendo unha baixa importante en relación coa prórroga.

O capítulo IV, experimenta un crecemento importante: Creación dun fondo de deshaucios, aumento de dotacións para para facer fronte ás políticas de transporte público e maiores axudas ao fomento do deporte base. Nas dotacións feitas, estanse a manter as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvención as políticas sociais de transporte público urbano, subvencións ao deporte, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente.

A variación en relación coa dotación do orzamento do ano 2015 é do 6,3%, inferior co 6,5 contido nas directrices do Sr. Concelleiro.

Se facemos a comparación coa previsión de obrigas a recoñecer a 31/12/2015, a variación é do 12,45%, aínda que este último dato, é unha previsión, e estarase e execución definitiva.

O capítulo V, está destinado a recoller o Fondo de contingencia que ten a súa regulación, no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, destinarase cando cumpira, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio, a súa regulación está prevista na Base 5 bis das de Execución do Orzamento. O seu crecemento é do 33,3%, aínda que se fai axuste de inexecución, xa que non se prevé contingencia algunha.

Como o Concello non está suxeito a ningún plan de axuste nin está acollido a ningún fondo dos previstos no Real Decreto Lei 17/2014, non está fixada unha porcentaxe, de concorrer as circunstancias anteriores, a dotación tería que ser do 1% sobre o gasto non financeiro, que estaría a representar unha contía de 2,2 millóns de euros.

O capítulo VI de investimentos, ten axustes, xa que a apelación ao mercado de capitais para a concertación de operacións de préstamo para o financiamento dos mesmos non se vai a producir no ano 2016. Polo tanto, o financiamento das operacións de capital non financeiro, teñen como recurso o superávit ordinario. É dicir, o superávit é capaz de atender aos empregos que se corresponden co gasto corrente non financeiro (capítulos I a V), o gasto financeiro (capítulos VIII e IX), ademais, tamén fan fronte ao financiamento dos gastos de capital non financeiro (capítulos VI e VII).

Os empregos en investimentos son importantes, representan o 4,1% do gasto non financeiro, financiándose con superávit. A variación en relación coa prórroga inicial é dun 99,29%, aínda que si facemos a comparación coas previsións de obrigas ao remate do ano 2015, a variación é negativa nun 32%.

En relación co capítulo IX, pasivos financeiros, tendo en conta as amortizacións extraordinarias acometidas nos anos 2013, 2014 e 2015 por unha contía de 37.623.606,53 euros e unha amortización total de 59.515.287,74 euros, a amortización de pasivos é residual. Na avaliación para o ano 2016, tan só se tiveron en conta as amortizacións ordinarias, xa que as extraordinarias non figuran inicialmente no orzamento, a súa dotación faríase con cargo ao remanente de tesourería positivo para gastos xerais se fose o caso, aínda que o nivel de débeda ao remate do ano 2015 vai estar no 4,25% o cal supón unha situación de débeda cero e, sen dúbida, moi por abaixo da situación das demais cidades de Galicia e do Estado.

A variación dos pasivos financeiros é do -83,75%, se e fai en relación coa previsión inicial, a variación é 59,87%.

En relación co estado de ingresos

Hai que diferenciar dúas liñas en relación cos ingresos. Por un lado, as previsións de ingresos derivadas dunha evolución tendencial, é dicir, previsións baseadas en políticas non suxeitas a modificacións. A modo de exemplo poden citarse as estimacións vinculadas á evolución da actividade económica ou as vinculadas á actividade urbanística, é dicir, non son o resultado de decisións endóxenas.

Por outro, as previsións derivadas de medidas por políticas previstas para o período: se tipifican unha serie de medidas sobre as que se deberá cuantificar o seu impacto e o seu criterio de adopción (aprobadas e aplicadas/aprobadas pero pendentes de aplicar/previstas).

En relación cos ingresos, non hai diferenzas nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da Orde HAP/2105/2012.

No marco orzamentario de medio prazo (2016-2018), o estado de ingresos tiña prevista unha operación de débeda por unha contía de 2,7 millóns de euros que non está prevista nas liñas fundamentais do orzamento do ano 2016.

Como consecuencia da exclusión do censo do IBI dun número importante de bens para a súa inclusión no censo de bens rústicos, tamén hai un axuste neste

padrón en relación co marco orzamentario 2016-2018.

As variación que se están a producir, teñen polo tanto dúas orixes, unha a tendencial e outra a marcada polas ordenanzas que están en trámite.

En relación cos dereitos que se estima se liquidarán no capítulo III, a previsión é maior ca previsión inicial, o cal supón tamén un axuste en relación co marco orzamentario.

Pódese concluir, que salvo a non inclusión da operación de endebedamento, as variacións restantes non son significativas, máis ven de axuste, xa que aquel está cuantificado en termos liquidativos, mentres que este o está en termos de previsións iniciais.

Como punto de partida, ás previsión estimadas do orzamento do ano 2016, teñen a súa orixe na avaliación previa dos ingresos liquidados do ano 2014. En canto a previsión de liquidación do ano 2015, están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos cinco anos e o contexto actual.

Ao igual que acontece co estado de gastos, o formulario F.2.1.1, os ingresos para o ano 2016 tomaranse segundo as previsións iniciais, mentres que os do ano 2015, faranse tendo en conta a estimación dos dereitos recoñecidos netos a 31/12/2015.

En consecuencia, mentres as liñas fundamentais do orzamento do ano 2016 preséntanse cuadradas, é dicir, o orzamento de gastos e ingresos teñen a mesma conta, non sucede o mesmo co contido das obrigas previstas e a estimación dos dereitos recoñecidos a 31/12/2015, xa que, tendo en conta que son cifras de liquidación, non son coincidentes.

En todo caso, para o ano 2015, terán que ser maiores ou iguais os dereitos liquidados que as obrigas recoñecidas, así mesmo, esta condición tamén deberá cumprila o orzamento previsto para o ano 2016, de tal xeito que as obrigas previstas sexan por unha conta menor que a estimación de dereitos para o ano 2016, o que suporá un equilibrio ou un superávit, sempre e cando este estea calculado en termos do SEC 95 (axustes en relación coa recadación, inexecucións, axustes internos por operacións de consolidación, saldo da conta 413 se fose o caso, etc).

En materia de ingresos, en canto a conta dos Tributos cedidos do Estado que veñen representados pola cesión do IRPF, IVE e I.EE, así como o Fondo Complementario de Financiamento (FCF), para o ano 2016 faise a previsión de acordo entregas a conta para o ano 2015 cun crecemento do 2,5%, superior que a TRCPiB, 2016, 1,8%.

En relación coa alteración de determinados ingresos, están previstas, aínda que pendentes de aplicación, unha variación impositiva do 1,1%, que se trasladará ao formulario.

En relación co resto dos ingresos, hai unha estabilidade practicamente total, xa que ao ingreso que supón a revisión do IPC en determinadas figuras tributarias, hai que deducir a merma que supón pasar un número importante de inmobles do censo de urbáns a rústicos, así como axustes á baixa no padrón de vehículos de tracción mecánica.

No capítulo III, foi obxecto de axuste a baixa, tanto o aproveitamento previsto das operadoras de telefonía móbil nun 30%, como os ingresos pola taxa de retirada de vehículos da vía pública cunha redución do 35%.

Capítulo IV. Conformado polo Fondo Complementario de Financiamento, que aumenta un 2,5% sobre as entregas a conta do ano 2015. A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma mantense estable. O mesmo criterio seguíuse para a subvención á dependencia e axuda no fogar, subvención ao transporte público urbano e subvención para o financiamento do CEDRO.

Se a variación se fai sobre o orzamento prorrogado do ano 2015, o incremento neste capítulo é do 5,2%.

No capítulo V, foi obxecto de axuste nun 50% do previsto para o ano 2015 os rendementos financeiros polos excedentes de tesourería, sendo a causa a menor retribución dos fondos.

En resumo, coa excepción da variación cuantificada en 1.177.250 euros pola revisión dalgúns impostos e taxas polo 1,1%, e polo aumento na cesión de Tributos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento nun 2,5%, o orzamento de ingresos cos axustes antes relacionados, mantén a estrutura dos anos precedentes, supondo unha variación positiva en relación co orzamento prorrogado do ano 2014 nos ingresos correntes non financeiros do 2,21%, o que está a xustificarse que haxa unha maior superávit primario. En canto á variación total, a porcentaxe tamén é do 2,2%.

En resumo, a diferenza importante prodúcese no capítulo IV.

Nos pasivos a concertar, non está prevista operación para o ano 2016.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao ano 2015-2016, son o resultado da consolidación en relación coa Liquidación do ano 2014. Os distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, deducindo as transferencias correntes e de capital que se producen entre a Entidade e os OO.AA e entre estes e a Entidade Local.

Limite do gasto non financeiro.

O artigo 30 da LOEPSF establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

A TRCPPIB para o ano 2016 aprobada polo Consello de Ministros celebrada o día 10 de xullo de 2015 é do 1,8%.

Estado de gastos consolidado

| Capítulos | 2015 Obrigas previstas | %Variación | 2016 Créditos iniciais |
|--|------------------------|--------------|------------------------|
| A) Detalle de Gasto Corrente N.F | | | |
| I | 67.188.323,00 | 0,95% | 67.823.605,41 |
| II | 116.249.387,00 | | 116.554.884,19 |
| III | 396.000,00 | | 185.321,53 |
| IV | 24.605.659,00 | | 27.669.923,63 |
| Fondo de continxencia | 200.000,00 | | 600.000,00 |
| Total G. Corrente N. Financeiro | 208.639.369,00 | 2,46% | 212.833.734,76 |
| B) Detalle Gastos capital Financ. | | | |
| VI | 13.298.845,00 | | 9.030.775,99 |
| VII | 587.550,00 | | 265.000,00 |
| VIII | 13.886.395,00 | -34,75% | 9.295.775,99 |
| Gasto capital NF | | | |
| Total Gasto N. Financeiro | 222.525.764,00 | 0,14% | 222.129.510,75 |
| C) Detalle Gastos Capital Financ. | | | |
| VIII | 478.000,00 | | 671.000,00 |
| IX | 16.794.564,22 | | 2.728.919,29 |

| | | | |
|------------------------|----------------|---------|----------------|
| Total Gasto Financeiro | 17.272.564,22 | -80,32% | 3.399.919,29 |
| Total Orzamento | 239.798.328,22 | -5,66% | 225.529.430,04 |

Estado de ingresos Consolidado

| Capítulos | Estimación D. Reconocidos 2015 | % Variación | Previsións iniciais 2016 |
|--|--------------------------------|---------------|--------------------------|
| A) Detalle de ingresos correntes | | | |
| I e II | 110.961.761,00 | | 111.677.374,32 |
| IBI | 63.799.376,00 | | 64.550.100,00 |
| IAE | 13.242.222,00 | | 13.500.600,00 |
| IVTM | 14.592.358,00 | | 14.600.000,00 |
| IVTNU | 6.207.893,00 | | 6.000.000,00 |
| ICIO | 1.500.000,00 | | 1.500.100,00 |
| Cesión Tributos Estado | 11.619.912,00 | | 11.526.574,32 |
| III | 44.234.398,00 | | 37.889.331,71 |
| IV | 72.371.387,00 | | 73.105.462,86 |
| FCF | 60.848.564,00 | | 63.478.938,50 |
| Resto transferencias e subvencións | 11.522.823,00 | | 9.626.524,36 |
| V | 2.686.876,00 | | 2.186.261,15 |
| Total I. Corrente N. Financeiro | 230.254.422,00 | -2,03% | 224.858.430,04 |
| B) Detalle Ingresos Capital N.F | | | |
| VI | 3.000.000,00 | | ,00 |
| VII | 210.150,00 | | ,00 |
| Ingresos capital NF | 3.210.150,00 | 100,00% | ,00 |
| Total Ingresos N. Financeiros | 233.464.572,00 | -3,38% | 224.858.430,04 |
| C) Detalle Ingresos Financeiros | | | |
| VIII | 670.040,00 | | 671.000,00 |

| | | | | |
|--------------------------|--|----------------|--------|----------------|
| IX | | ,00 | | ,00 |
| Total Ingreso Financeiro | | 670.040,00 | | 671.000,00 |
| Total Orzamento | | 234.134.612,00 | -3,37% | 225.529.430,04 |

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

| Conceptos | 2015 | Variación | 2016 |
|--|----------------|-----------|---------------|
| Saldo operacións correntes N.F | 21.615.053,00 | | 12.024.695,28 |
| Saldo operacións capital N.F | -10.676.245,00 | | -9.295.775,99 |
| Saldo operacións non financeiras | 10.938.808,00 | | 2.728.919,29 |
| (+/-) axustes, SEC-95 | -5.541.650,00 | | -1.278.077,00 |
| Capacidade (+) / Necesidade (-) | 5.397.158,00 | | 1.450.842,29 |
| Débeda viva a 31/12 | 9.931.101,29 | -27,48% | 7.202.182,00 |
| A curto prazo | 2.728.919,29 | | 2.728.919,29 |
| A longo prazo | 7.202.182,00 | | 4.473.262,71 |
| Ratio Débeda viva/ Ing. Corr. consolidados | 4,30% | | 3,19% |

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, condición que xa se cumpría no marco orzamentario, aínda que con contías distintas, xa que o marco se fixa en función de estimación de dereito recoñecidos e obrigas previstas ao remate de cada exercicio que conforma o marco temporal, mentres que o estado de liñas fundamentais do orzamento do ano 2016, se avala en termos de dotacións e previsións iniciais.

En canto a débeda viva, tal en como se amosa na información que conforman as táboas, os índices de débeda reducidos, sendo as previsións tomando en consideración os ingresos que se prevén dos estados consolidados os que ser relación na táboa seguinte.

Obxectivo de débeda pública.

O artigo 13 da LOEPSE, establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública, que para as Entidades locais foi fixado no referido acordo do Consello de Ministros do 10 de xuño de 2015 no 3,4 % do PIB para o exercicio 2016 e o 3,20% para o exercicio 2017 e 3,10% para o ano 2018.

No entanto non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre este extremo reducece ao seu cálculo segundo a nota da aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de 15 de xaneiro de 2014, o límite de débeda pública deberá considerarse, ao final de cada exercicio, os establecidos nos artigos 51 do TRLFL, polo que se refire a operacións de endebedamento a curto prazo (Operacións de Tesourería), e 53 do mesmo texto normativo en canto ás operacións de endebedamento xeral, para a aplicación do réxime de autorización para formalizar as operacións cando o sexan a longo prazo.

| Ide. Débeda | P. 01/01/2015 | A.ord/extr.2015 | P. 31/12/2015 | Amt. Ord.2016 | P.31/12/21016 | A.ord/extr.2017 | P. 31/12/2017 | Amt. Ord.2018 | P.31/12/21018 | Amt. Ord.2019 | P.31/12/21019 | Amrt.2020 |
|-------------------|---------------|-----------------|---------------|---------------|---------------|-----------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|-------------|
| | | | | | | | | | | | | |
| Caixagalicia 2005 | 1.509.390,26 | -1.509.390,26 | ,00 | ,00 | ,00 | | | | | | | |
| Pmo. BCI.2008 | 6.216.103,06 | -1.554.025,76 | 4.662.077,30 | -1.554.025,76 | 3.108.051,54 | -1.554.025,76 | 1.554.025,78 | -1.554.025,78 | ,00 | ,00 | | ,00 |
| Caixanova 2009 | 3.027.218,14 | -605.443,63 | 2.421.774,51 | -605.443,63 | 1.816.330,88 | -605.443,63 | 1.210.887,25 | -605.443,63 | 605.443,62 | -605.443,62 | | ,00 |
| Pt. BBVA 2010 | 11.216.699,37 | -8.369.449,89 | 2.847.249,48 | -569.449,90 | 2.277.799,58 | -569.449,90 | 1.708.349,68 | -569.449,90 | 1.138.899,78 | -569.449,90 | 569.449,88 | -569.449,88 |
| Pt. BSCH 2014 | 4.756.254,68 | -4.756.254,68 | ,00 | | ,00 | | ,00 | | ,00 | | | |
| Préstamo 20 16 | | | | | | | | | | | | |
| T. D. Financiera | 26.725.665,51 | -16.794.564,22 | 9.931.101,29 | -2.728.919,29 | 7.202.182,00 | -2.728.919,29 | 4.473.262,71 | -2.728.919,31 | 1.744.343,40 | -1.174.893,52 | 569.449,88 | -569.449,88 |

Amortización ordinaria de débeda e intereses 2016-2018

| Pte. 2015 | 2016 | | Pte. 2016 | | 2017 | | Pte. 2017 | | 2018 | | Pte.2018 |
|--------------|--------------|------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------|--------------|-----------|----------|
| | Amortización | Intereses | Amortización | Intereses | Amortización | Intereses | Amortización | Intereses | Amortización | Intereses | |
| 9.931.101,29 | 2.728.919,29 | 178.291,53 | 7.202.182,00 | 2.728.919,29 | 147.145,64 | 4.473.262,71 | 2.728.919,31 | 95.020,40 | 1.744.343,40 | | |

| | 2015 | | | 2016 | | | 2017 | | | 2018 | | |
|----------------|--------------|-------|-------------|--------------|-------|----------------|--------------|-------|----------------|--------------|-------|--|
| Ingresos | Débeda | Ratio | Ingresos | Débeda | Ratio | Ingresos | Débeda | Ratio | Ingresos | Débeda | Ratio | |
| 234.939.959,50 | 9.931.101,29 | 4,23% | 237289359,1 | 7.202.182,00 | 3,04% | 238.475.805,90 | 4.473.262,71 | 1,88% | 240.860.567,00 | 1.744.343,40 | 0,72% | |

En resumo, tendo en conta a TRCPiB e as directrices en relación coas magnitudes tendenciais dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, estas son as liñas fundamentais dos orzamentos para o ano 2016, que serán enviados ao MINHAP para dar cumprimento ao requirimento antes do día 14/09/2015.

En Vigo a ⁴ agosto de 2015

Xefe de Contabilidade: Luis García Álvarez

O Interventor Xeral: Alberto Escariz Couso


